



Confederación Inter Sindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

21/03/2013

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## Xuntanza da Comisión Paritaria de Acción Social

A reunión de hoxe foi unha continuación xuntanza de hai quince días, xa que non se avanzou nada. A Administración volve a incidir en que non chegará máis cartos para as axudas e tampouco se mostra favorable a pechar o último tramo de renda para as axudas de saúde (lembrede que para obter estas axudas non hai límite de renda, o que produce que poidan acceder a estas axudas persoas que polos seus ingresos non as precisarían). Desde a **CIG** pensamos que todos estes cartos que se gastan nos que teñen nóminas moi elevadas poderían servir para mellorar as contías do resto das axudas do plan de Acción Social.

A AEAT volve á súa proposta de hai dúas semanas, como non enterándose ou non querendose enterar da exposición da parte social:

---Limitación do último tramo retributivo para as axudas de saúde (poderíase estudar a cantidade polo miúdo).

---Xustificación do gasto para calquer tipo de axuda incluídas as excepcionais.

En fin, que a Administración non está pola labor de recoller as nosas aportacións, non responden á proposta conxunta da parte social, nin tampouco queren facilitar os datos dos importes, detallados por axudas e niveis de renda, do ano 2012.

Esta última información podería axudarnos moito para mellorar (coas limitacións presupostarias que temos) as contías de todas as axudas, pero vese que a AEAT está máis preocupada en que os A1 poidan seguir optando ás axudas que en ter un plan de Acción Social que axude aos compañeiros mileuristas que pasan por dificultades económicas.

**CIG AEAT**  
**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**  
TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22